


★ ★ ★ ★ ★

CAMPAMENTOS de Verán

DIVIRTESE
E APRENDE!

Č ÁGORA | Č FORUM
METROPOLITANO
2019

+ 50
anos
na lúa



Leonardo
da Vinci
Un xenio adiantado
o seu tempo

A Coruña,
dende a
Batalla de
Eivíña
a ilustración



Un Paseo
polas artes



Durante as vacacións do verán, en Ágora e no Fórum Metropolitano, propoñemos, para as nenas e os nenos cidade, unha oferta variada de actividades de lecer (motrices, plásticas, musicais, teatrais, de expresión oral e escrita, de lóxica matemática...) que teñen como principais obxectivos entreter; promover unha educación en valores; favorecer novas relacións persoais e de grupo; e descubrir a contorna urbana máis próxima.

PARTICIPANTES

Poderán participar as nenas e os nenos nados entre 2005 e 2015, agrupados por idades.

DURACIÓN E HORARIO

Quendas de 2 semanas, de luns a venres, de 10.00 a 14.00 horas. As familias que o desexen poderán solicitar, no momento da inscrición, a **ampliación de horario** de 9.00 a 10.00 h. Realizarase unha pequena pausa de 11.45 a 12.00 h para o almorzo, o cal deberá traer cada participante. O último día da quenda do campamento, o horario prolongarase até as 17.00 h para realizar unha xornada de convivencia en que **cada participante levará a súa comida.** O primeiro día de cada quenda haberá unha breve reunión coas familias ás 9.00 e ás 10.00 (horario de entrada das súas fillas e fillos) para informar das entradas e saídas, atención polas/os educadoras/es e dinámicas en xeral do campamento, así como para resolver as dúbidas que puideren xurdir... Terá unha duración aproximada duns 15 minutos.

QUENDAS

- 1.ª quenda: do 1 de xullo ao 12 de xullo
- 2.ª quenda: do 15 de xullo ao 26 de xullo (o 25 de xullo non teremos campamento)
- 3.ª quenda: do 29 de xullo ao 9 de agosto
- 4.ª quenda: do 12 de agosto ao 23 de agosto (o 15 de agosto non teremos campamento)
- 5.ª quenda: do 26 de agosto ao 6 de setembro

COTA

35 euros por participante e quenda.
Ampliación de horario: 5 euros.

INSCRICIÓN

Na conserxaría do **Fórum Metropolitano** e de **Ágora**, a partir do **martes 25 de xuño, até cubrir as prazas. É necesario inscribirse no centro en que se desexa realizar o campamento, en horario das 9.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 20.00 h.**

Este ano non vai haber sorteo. As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición, até esgotárense. Disporase de 120 prazas no Fórum e 140 en Ágora por cada unha das quendas, distribuídas en grupos por idades. No momento de entregar as inscricións, xa se debe aboar en efectivo a cota correspondente.

As prazas outorgaranse do seguinte xeito: 50% en horario de mañá (60/70) e 50% en horario de tarde (60/70).

Admitiranse 3 fichas por persoa, excepto no caso de ser irmáns, en que se recollerán todas as fichas.

Cada nena/o poderase apuntar a unha quenda inicialmente, en cada centro, e a partir do xoves 27 de xuño, ofertaranse as prazas que queden vacantes por se as familias desexan inscribilos en máis dunha quenda.

TEMÁTICA DE CADA QUENDA

QUENDA 1 : “50 anos na lúa”

Fai 50 anos que o home pisou por primeira vez a lúa. Grazas á carreira espacial, temos moitos adiantos: os traxes ignífugos para os bombeiros, os electrocardiogramas, a purificación da auga, os cueiros..., ademais de que a Astronomía é das ciencias máis antigas da humanidade. Descubrir de xeito entretido a lúa, as estrelas, os planetas, o universo e todo isto converteranos en expertas e expertos nos avances que se produciron ao longo deses 50 anos.

QUENDA 2: “ Leonardo da Vinci, un xenio adiantado ao seu tempo”

É sabido que Leonardo da Vinci foi o precursor de moitísimas máquinas modernas. Foi moi importante no Renacemento e un home adiantado ao seu tempo. Tocou moitas disciplinas artísticas e dominounas. Moitos dos seus inventos son importantes e imprescindibles hoxe en día.

Descubriremos e desfrutaremos con este personaxe e con todas as súas ideas como fontes de inspiración para desfrutar, xogar e coñecelo.

QUENDA 3: “A Coruña, desde a Batalla de Elviña á Ilustración”

A nosa cidade ten un amplo percorrido histórico e nesta ocasión ímonos deter nos séculos XVII e XVIII para coñecermos, entre outros, acontecementos relevantes da nosa historia, xunto con personaxes tan singulares como Sir John Moore, o xeneral Soult ou o ilustrado José Cornide.

QUENDA 4: “Un paseo polas artes”

As artes escénicas involúcrannos en infinidade de manifestacións como son o cinema, o teatro, a danza, as performances, a música, o circo...; permítennos expresar unha chea de sentimentos e favorecer a nosa naturalidade e espontaneidade. A través delas, impulsaremos e promoveremos unha colaboración estreita e enriquecedora entre as nenas e nenos deste campamento.

QUENDA 5: “Naturalistas urbanos”

A riqueza da nosa contorna é asombrosa pero, ademais, o noso planeta necesítanos para frearmos o cambio climático. “Se non nos preocupamos de parar a destrución da natureza, dará igual o que fagamos”. “Debemos protexer a natureza ou non nos poderemos protexer a nós mesmos”, son algunhas das conclusións dos estudos sobre o cambio climático. Buscaremos, investigaremos e trataremos de encontrar as mellores solucións para a nosa cidade.

CAMPAMENTOS de Verán

★ ★ ★ ★ ★
DIVIERTETE
E APRENDE!

ÁGORA | FORUM
METROPOLITANO
2019

CAMPAMENTOS URBANOS VERÁN DE 2019

Centro (Ágora ou Fórum):
Nome da/o nena/o:
Apelidos da/o nena/o:
Data de nacemento:
Domicilio: CP:
Teléfonos:
....., con DNI* , en calidade
de nai, pai ou representante legal da/o menor, inscribea/o na/nas seguinte/s quendas, dos
Campamentos urbanos de verán 2019 e, ao mesmo tempo, declara que non padece ningunha
enfermidade que lle impida realizar actividades físicas.

- ☐ QUENDA 1 : “50 anos na lúa”:
do 1 de xullo ao 12 de xullo
- ☐ QUENDA 2: “Leonardo da Vinci, un xenio adiantado ao seu tempo”:
do 15 de xullo ao 26 de xullo (o 25 de xullo non teremos campamento)
- ☐ QUENDA 3: “A Coruña, desde a Batalla de Elviña á Ilustración”:
do 29 de xullo ao 9 de agosto
- ☐ QUENDA 4: “Un paseo polas artes”:
do 12 de agosto ao 23 de agosto (o 15 de agosto non teremos campamento)
- ☐ QUENDA 5: “Naturalistas urbanos”:
do 26 de agosto ao 6 de setembro

Amplía o horario de 9.00 a 10.00 h SI ☐ NON ☐

Sinatura: Paga: ,00€

A Coruña, de 2019

CAMPAMENTOS URBANOS VERÁN DE 2019

.....
Quedou inscrita/o no programa de Campamentos de verán 2019 en: (selo do centro)

Na quenda:

Quero ampliar o horario de 9.00 a 10.00 h SI ☐ NON ☐

A Coruña, de 2019

Paga: ,00€

(RESGARDO PARA AS FAMILIAS)

CAMPAMENTOS de Verán 2019

Autorizo as persoas relacionadas a continuación a recoller a miña filla/fillo dos campamentos urbanos do Centro Ágora ou do Fórum Metropolitano do verán 2019:

NOME E APELIDOS	DNI	PARENTESCO

A/o solicitante posúe algunha alerxia alimentaria?

SI ☐ **NON** ☐ (En caso afirmativo, detalle o máximo posible o tipo de alerxia)

A/o solicitante padece algunha doenza que lle impida realizar actividades físicas?

SI ☐ **NON** ☐ (Por favor, detalle o tipo de doenza)

A/o solicitante precisa algún tipo de atención específica individualizada?

SI ☐ **NON** ☐ (Por favor, detalle o máximo posible)

A/o solicitante precisa atención médica específica (diabete, epilepsia, medicación...)?

SI ☐ **NON** ☐ (Por favor, detalle o máximo posible)

Como lembranza da actividade, as nenas e nenos participantes levarán unha foto de grupo. Aplicando a Lei galega que regula a protección da infancia e da familia e a Lei de protección de datos, autorizannos a que a/o menor saia na foto. E, de igual xeito, en ocasións puntuais pode ser fotografado, entrevistado ou filmado para reportaxes e/ou artigos para ser publicados en xornais ou revistas de ámbito local ou nacional co obxectivo dunha divulgación educativa da actividade sen ningún tipo de fin comercial: **SI** ☐ **NON** ☐

O último día de cada quenda de campamento terá lugar unha saída que fará que se prolongue o horario do campamento até as 17.00 h, logo da información previa sobre o lugar e os horarios (verbal o primeiro día do campamento na reunión inicial e por escrito ao longo del). A/o solicitante vai asistir á saída: **SI** ☐ **NON** ☐

Outras cuestións que consideren que poidan ser de interese para o/a educador/a, co fin de conseguir unha mellor adaptación da súa filla ou fillo á actividade:

A entidade adxudicataria, Radio Ecça, queda obrigada a cumprir o que dispón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



Lugar da Gramela, 17 - 15010 A Coruña
forumocio@coruna.es - T.: 981 189 888



FORUM
METROPOLITANO

C/ Río Monelos - 15006 A Coruña
forumocio@coruna.es - T.: 981 184 293